

Martes, 23 de febreiro de 2021

Núm. 36

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****PROVINCIAL****DEPUTACIÓN PROVINCIAL****Outros documentos, notificacións e informacións públicas**

*APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DOS CENTROS DE FP CON CICLOS MEDIOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA A FORMACIÓN DUN CONSORCIO DE MOBILIDADE DENTRO DO PROXECTO "PRACTICUM DEPO 2021" QUE SE PRESENTARÁ NA CONVOCATORIA ERASMUS+2021*

**RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL**

<b>EXPEDIENTE</b>	2020048141
<b>ASUNTO</b>	Aprobación da lista definitiva dos centros de FP con ciclos medios da provincia de Pontevedra para a formación dun consorcio de mobilidade dentro do proxecto "Practicum Depo 2021" que se presentará na convocatoria Erasmus+2021
<b>TRÁMITE</b>	Aprobación da lista definitiva

MCC

A Deputada Delegada, no uso das facultades delegadas pola Presidencia, dita a seguinte

*RESOLUCIÓN*

Resultando que, con data 18 de xanerio de 2021, o Xefe do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, coa conformidade da Sra. Deputada da Área de Proxectos Europeos, Dna. Iria Lamas Salguero, informa que:

*ANTECEDENTES*

A Deputación de Pontevedra ten previsto presentar unha proposta ao SEPIE (Servizo Español para a Internacionalización da Educación) dentro do programa Erasmus+ para persoas recentemente tituladas de ciclos medios de formación profesional de grao medio da provincia de Pontevedra.

Visto o interese do alumnado dos centros educativos que forman parte dos consorcios dos proxectos Erasmus+ PRACTICUM DEPO entre os anos 2015 e 2020, o nivel de execución dos mesmos, así como a solicitude formal dos membros do consorcio do proxecto PRACTICUM DEPO 2020 en solicitar un novo proxecto para a convocatoria 2021, a Deputación de Pontevedra considerou positivo para o desenvolvemento de iniciativas de mobilidade para o estudantado de ciclos medios de Formación Profesional da provincia de Pontevedra dar continuidade a programas de mobilidade e, polo tanto, ten previsto presentar unha nova proposta ao SEPIE dentro do programa Erasmus+ para persoas recentemente tituladas e docentes e persoal de ciclos medios de formación profesional da provincia de Pontevedra. Na convocatoria correspondente indicouse o seguinte:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: YJFQ5NEAKPXK31NN



Martes, 23 de febreiro de 2021

Núm. 36

Para aquelas mobilidades que quedasen sen asignar e para as que non exista acordo, o Comité de Mobilidade da Deputación determinará, por motivos de estratexia e xestión do proxecto, as familias e os centros elixidos, despois dunha reunión con todos os centros para consensuar os criterios que se seguirán para tomar esa decisión.

Con data 27 de novembro do 2020 publicouse no BOPPO o anuncio do procedemento de adhesión de centros de FP con ciclos medios da provincia de Pontevedra para a formación dun consorcio de mobilidade dentro do proxecto “Practicum Depo 2021” que se presentará na convocatoria Erasmus+ 2020, no que se concede un prazo de 15 días hábiles para que os centros presenten as solicitudes.

Rematado o prazo o 21 de decembro presentáronse 38 solicitudes de centros de FP da provincia de Pontevedra, publicándose a aprobación do listado provisional no BOPPO e na páxina web o día 22 de xanerio de 2021.

Con data 05 de febreiro do 2021 finalizou o prazo establecido para a presentación de alegacións. Durante este período o centro IES A Xunqueira I excluído do listado provisional, presenta de novo a solicitude de adhesión, conforme a cláusula 8 da convocatoria. Transcurrido este tempo procédese a aprobación da listaxe definitiva

#### *NORMATIVA APLICABLE*

Regulamento (UE) Nº 1288/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 11 de decembro de 2013, polo que se crea o programa Erasmus+ de educación, formación, xuventude e deporte da Unión, así como os programas de traballo anuais de Erasmus+ para 2016, 2017, 2018, 2019, 2020 e Convocatoria de Propostas 2021.

Resolución Presidencial con nº de rexistro 2019012988 de data 15/07/2019 a través da que se delegan as competencias en materia de proxectos europeos en D<sup>a</sup> Iria Lamas Salgueiro.

Resolución Presidencial con nº de rexistro 2019014186 de data 01/08/2019 a través da que se resolve concretar as atribucións nos distintos centros e áreas de servizo nas que se estrutura a Deputación, a través da que se concretan a as atribucións de D<sup>a</sup> Iria Lamas Salgueiro en materia de proxectos europeos, coordinando as solicitudes de fondos europeos e a execución de proxectos.

#### *CONCLUSIÓN*

En base aos antecedentes e fundamentos xurídicos sinalados nos apartados anteriores,

#### *PROPONSE*

Aprobar a lista definitiva dos centros de FP con ciclos medios da provincia de Pontevedra para a formación dun consorcio de mobilidade dentro do proxecto “Practicum Depo 2021” que se presentará na convocatoria Erasmus+ 2021.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: YJFQ5NEAKPXK31NN



Martes, 23 de febreiro de 2021

Núm. 36

A lista definitiva deberase publicar no BOPPO e na páxina web da Deputación de Pontevedra.

Por todo o exposto, RESOLVO de conformidade coa precedente proposta.

O xefe do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local

Vº e Pce.:

A Deputada Delegada

Asinado dixitalmente á marxe



Martes, 23 de febreiro de 2021

Núm. 36

**EXPEDIENTE.-***ANEXO I*

Listado definitivo de centros de FP con ciclos medios da provincia de Pontevedra para a formación dun consorcio de mobilidade dentro do proxecto Practicum Depo 2021

NOME DO CENTRO EDUCATIVO	CONCELLO
E.F.A. A CANCELA	AS NEVES
IES AUDIOVISUAL DE VIGO	VIGO
IES A GUÍA	VIGO
IES ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ	A ESTRADA
IES ANTÓN ALONSO RÍOS	TOMIÑO
CENTRO DE ARTES PLÁSTICAS Y DISEÑO ATLÁNTICO	VIGO
CENTRO DE ESTUDIOS MARCOTE	VIGO
CONGREGACIÓN MISIONERA DEL DIVINO MAESTRO	VIGO
COLEGIO SAN MIGUEL	VIGO
CPR PLURILINGÜE DE VIGO	REDONDELA
IES CHAN DO MONTE	MARÍN
IES FRANCISCO ASOREY	CAMBADOS
IES FREI MARTÍN SARMIENTO	PONTEVEDRA
IES INDALECIO PÉREZ TIZÓN	TUI
IGafa INSTITUTO GALEGO DE FORMACIÓN EN ACUICULTURA	ILLA DE AROUSA
IES JOHAN CARBALLEIRA	BUEU
IES LAXEIRO	LALÍN
IES LUIS SEOANE	PONTEVEDRA
CFEA LOURIZÁN	PONTEVEDRA
INSTITUTO POLITÉCNICO MARÍTIMO PESQUEIRO ATLÁNTICO DE VIGO	VIGO
IES MARCO DO CABBALLÓN	VILA DE CRUCES
IES MONTECELO	PONTEVEDRA
IES PEDRO FLORIANI	REDONDELA
IES DE POIO	POIO
IES POLITÉCNICO DE VIGO	VIGO
IES PLURILINGUE A PARALAIA	MOAÑA
IES PLURILINGUE PINTOR COLMEIRO	SILLEDA
CPR PLURILINGUE SAN FERMÍN	CALDAS DE REIS
IES RAMÓN MARÍA ALLER ULLOA	LALÍN
IES RIBEIRA DO LOURO	O PORRIÑO



Martes, 23 de febreiro de 2021

Núm. 36

IES RICARDO MELLA	VIGO
IES DE RODEIRA	CANGAS
IES DE SALVATERRA DE MIÑO	SALVATERRA DE MIÑO
IES TERRA DE TURONIO	GONDOMAR
IES DE VILALONGA	SANXENXO
CIFP XUNQUEIRA	PONTEVEDRA
CIFP A GRANXA	PONTEAREAS
IES A XUNQUEIRA I	PONTEVEDRA

